

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) ao través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á vulneración de dereitos humanos no noso país.

Exposición de motivos

A publicación do último informe sobre dereitos humanos realizado por Amnistía Internacional achega unha serie de consideracións negativas en relación á situación dos dereitos humanos no noso país e dos pasos regresivos que o goberno do PP está a dar nese eido. Abrangue este informe un conxunto de aspectos que recollen vulneracións de dereitos que van da liberdade de expresión ao dereito a vivenda, pasando pola vulneración de dereitos a diferentes colectivos, caso das persoas refuxiadas e migrantes.

O conxunto marca unha serie de intolerables retrocesos en materia de dereitos humanos a causa de contrarreformas legislativas e recortes en servizos públicos que poñen en cuestión aos dereitos humanos no noso país.

En relación coas novas restricións ás liberdades de expresión e reunión derivadas da imposición da chamada lei mordaza, a lei 4/2015, o informe menciona a consideración negativa que sobre o texto legal recolleu o Comité de Dereitos Humanos da ONU en xullo do 2015.

En particular o Comité considera excesivo o uso das sancións administrativas contidas na lei 4/2015, as cales exclúen a aplicación de certas garantías xudiciais. O recurso dunha terminoloxía vaga e deliberadamente ambigüa nalgúns disposicións permite unha ampla e indesexable discrecionalidade na aplicación da lei; outrosí da prohibición

de facer uso das imaxes ou datos persoais ou profesionais de autoridades e membros das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Preocupación do Comité que se fai extensiva a outros artigos da mencionada lei: caso dos que afectan aos rexistros corporais esternos, ao uso das videocámaras, ou ás dilixencias de rexistro, identificación e comprobación.

O Comité lamenta que o reino de España non garanta a aplicación directa do Pacto no ordenamento interno do Estado, consonte establece o artigo 10.2 da Constitución que di así:

“As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución reconece interpretaránse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre as mesmas materias ratificados por España.”

Tamén nese capítulo de eivas, o Comité lamenta que o reino de España careza dun procedemento específico que implemente os dictámenes adoptados polo Comité en aplicación do chamado Protocolo Facultativo. Esa lagoa dificulta que haxa avances significativos en materias e casos que atinxen a dereitos fundamentais.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a dirixirse ao goberno central para que revise a lei de seguridade cidadá 4/2015 e as subsecuentes contrarreformas do Código Penal, ao obxecto de garantir a máis estricta conformidade cos dereitos e liberdades recollidos no Pacto, segundo reclama o Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a dirixirse ao goberno central para que elabore un procedemento específico de implementación dos dictámenes do Comité de Dereitos Humanos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a reclamar do goberno central que garanta a aplicación directa do Pacto en todo o ordenamento xurídico interno do Estado español.

En Compostela, a 29 de febreiro do 2016.



Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 29/02/2016 13:58:36

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 29/02/2016 13:58:42

Eva Solla Fernández na data 29/02/2016 13:58:44

Anton Sánchez García na data 29/02/2016 13:58:49

Ramón Vázquez Díaz na data 29/02/2016 13:58:51

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 29/02/2016 13:58:52